

O ano pasado organizamos o mellor concerto do Xacobeo e agora a Xunta decide que Santa Cristina é o mellor lugar para a final do festival por-rock «Galicia, cidade única», para a promoción de grupos noveis. Están competindo nas principais cidades de Galicia e o **27 de xullo** elixen campión na nosa praia. Tamén actuarán MClan e Luz Casal, un cartel de primeira. O Concello está a realizar tódolos esforzos para que nada quede na improvisación: a organización volverá a ser impecable, como no Xacobeo.

Luz en Santa Cristina



Vivir en Oleiros

Número 8
Xullo de 2000

Xa funciona o novo Centro de Saúde

Está situado no Parque Luis Seoane, en Santa Cruz. Pero os consultorios das parroquias siguen prestando o seu servizo, como ata agora.



A Escola de Danza Clásica, axiña

Nenos e nenas terán a posibilidade de se apuntaren para aprender danza clásica, actividade moi proveitosa para o desenvolvemento físico dos rapaces. Terá a súa sede na Fábrica, onde conta con magníficas instalacións. Os pais interesados, poden chamar a Cultura (981 610 000) e informarse para o próximo curso.

As granxas-horta: participa na iniciativa pioneira

¿Queres que os teus fillos coñezan aspectos da natureza en vivo, ou desexas que só os siga vendo por televisión? Páxina 5.

A pasarela ó Castelo dá unha nova dimensión ó esteiro de Santa Cruz



Novo paso, nova postal

■ Xa se pode pasar camiñando e sen mollarse ó Castelo. Hai quen dí que Santa Cruz pasou de ser un pobo fermoso a ser un pobo de postal.

Coa pasarela, a superficie do paseo foi dobrada, pois agora pódese camiñar arredor da illa, e a nova iluminación creará un novo estímulo para os afeizoados ás fotografías de paisaxe.

■ Un enorme magnolio fai de porta vexetal a un entorno cheo de recursos suxerentes para camiñar, disfrutar tranquilos da paisaxe ou simplemente ve-la caída do sol tumbados na erba.

Pero hai que facer, desgraciadamente, unha chamada á atención de veciños e visitantes. Todos debemos coida-lo mobiliario urbano. Están sendo moitas as pezas que un pequeno grupo de estúpidos estropean: tulipas de luz, papeleiras, pequenas fontes...

■ Por eso, a pasarela vai ter horario de apertura diurno, xa que non se pode permitir que a illa chegue a ser «tomada» por cidadáns incívicos e desaprensivos que xa diron as primeiras mostras do seu proceder.

Repaso ás urbanizacións en marcha

Unha morea de urbanizacións están a dar un novo pulo ó desenvolvemento urbano. Novos espazos, novos hábitats e novas vivendas de prezo controlado. Páxinas centrais.

Convocatorias culturais, deportivas e de ocio para todo o verán

Páxinas 15 e 19

As obras inminentes

Páxina 7

Como saber
donde está
todo en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

Dexo	1.319
Dorneda	3.252
Iñás	1.058
Liáns	6.727
Maianca+Serantes	2.207
Nós	3.795
Perillo	6.240
Oleiros	2.396
Total	26.994

Os teus teléfonos

Concello de Oleiros	981 61 0000
Policia Local (24 horas)	981 61 0001
Garda Civil de Oleiros	981 61 0067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 61 0824
Servizo de augas	981 61 0602
Mercado municipal	981 63 8158
Recadación municipal	981 63 5603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 62 6241

Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 61 4901
Centro Saúde Perillo	981 63 8731
Centro Saúde S. Cruz	981 62 6768

Centros municipais de actividades

Casa da Xuventude	981 63 6598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 63 0618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castela, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 61 7662
Casa do Pobo de Iñás	981 63 1240
Casa do Pobo de Nos	981 66 4257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 61 8201
Centro Cultural de Montrove	981 63 8869
Casa da Cultura de Perillo	981 63 6555
Centro Cultural A Fábrica	981 63 6598
Casa do Pobo de Dorneda	981 61 4582
Casa Charry	981 63 1444

Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 62 6692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 63 1240
Castelo de Santa Cruz	981 63 0618

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 63 1706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 62 6638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 61 7505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 66 4257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 65 1417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 63 9160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 63 1788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 61 1544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 63 8903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 62 6344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 61 7130
Colexio Parga Pondal / Sta. Cruz	981 61 4967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 63 6754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 61 0023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 63 9511
Sta. Cruz (inclúe C. Doc. da Muller Rosalía de Castro)	981 62 6338
María José Trincado / Mera	981 62 8507
Iñás	981 63 1240
Dorneda	981 61 4111
Oleiros	981 61 0700
Anxel Fole / Nos	981 66 4257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 61 8201
Federico García Lorca / Montrove	981 63 8869

Servicios Varios

Veterinarios
Santa Cruz 626310
Gayacan 660335 /Vilanova
Salud Animal 631651 /Dos Regos

Maquinaria de construción
J.Barreiro 635474 /Oleiros

Reparación coches e bicis
J. Galán 610710 /Oleiros

Fontanerías
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nós
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonelec 662744-908587710 /Nós

C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz
M.C.López 637010 /Sta.Cruz
A.Martínez 611317 /Oleiros
R.Mesias 667205 /Nós
J.Novo 908084450 /Oleiros
J.Pardo 631127 /Dorneda
R.Pol 635325 /Perillo

Instalacións eléctricas
E.F.Ottero 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
A.Vian 637254-908584691 /Perillo

Albanería
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe

J.M.Bias 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos
Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo
F.Fernández 636078 /Perillo
E.Fernández 636572 /Perillo
J.Fernández 614919 /Dorneda
J.Fernández 617720 /Dorneda
L.García 636587 /Perillo
A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nós
M.Illanes 614356 /Dorneda
D.Lamas 631356 /Oleiros
A.Lastres 908586296 /Dorneda
A.López 617411 /Mera
J.D.López 626082 /Santa Cruz
F.Mañana 615298 /Arillo
J.L.Martínez 636034 /Perillo
A.Mato 667682 /Nós
J.Mirón 618119 /Mera
V.Naya 617096 /Mera
M.Novo 610830 /O Carballo
A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo
J.L.Prego 626147 /Dorneda
J.A.Prieto 610181 /Oleiros
F.Recarey 617503 /Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
J.R.Sánchez 664599 /Nós
F.Sánchez 610779 /Iñás
L.Siso 617461 /Mera
M.Siso 617467 /Mera
R.Suarez 615239 /Dorneda
A.Suero 614849 /Dorneda
A.Uzal 908581521 /Rialta
M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
M.Vidal 631015 /O Valiño
M.Vieito 610060 /Oleiros

ATS-Fisoterapeutas
M.Miranda 638633 /Perillo
J.L.Sánchez 638234 /Perillo

Notarios
R.Benzo 611506 /Oleiros

Un concello vivo



101.5 FM

Volvemos no verán con máis pulo, con máis forza.

Informativos diarios ás 14 e ás 21 horas
Axenda de ocio ás 13,30h
e repaso á actualidade do mundo ás 13 horas.
O resto do día, música sen complexos

24 horas de música e noticias

Cóntanos o que queiras no 981 63 1078

Querida lúa

O ciclo da lúa

Nova	31xull / 29ago / 27set
Medra	7ago / 5set / 5out
Chea	16xull / 15ago / 13set
Mingua	24xull / 22ago / 21set

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 4 ó 11 de agosto, do 8 ó 15 de setembro e do 13 ó 20 de outubro. A este turno pertencen: **Oleiros** [Camilo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

TURNO 2 Están de Guardia do 11 ó 18 de agosto, do 15 ó 22 de setembro e do 20 ó 27 de outubro. A este turno pertencen: **Mera-Serantes-Lorbé** • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 14 ó 21 de xullo, e do 18 ó 25 de agosto e do 22 ó 29 de setembro. A este turno pertencen: **Perillo** [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Guardia do 21 ó 28 de xullo, do 25 de agosto ó 1 de setembro e do 29 de set. ó 6 de out. A este turno pertencen: **Nós** • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Guardia do 28 de xullo ó 4 de agosto, do 1 ó 8 de setembro, e do 6 ó 13 de outubro. A este turno pertencen: **Santa Cruz** [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

As mareas

Horas de domingos

Preamares xullo

Día 16	02,59 e 15,13
Día 23	07,21 e 19,47
Día 30	02,21 e 14,39

Baixamares xullo

Día 16	08,55 e 21,16
Día 23	01,04 e 13,29
Día 30	08,20 e 20,51

Preamares agosto

Día 6	07,24 e 19,53
Día 13	02,10 e 14,22
Día 20	06,04 e 18,23
Día 27	01,21 e 13,40

Baixamares agosto

Día 6	01,09 e 13,25
Día 13	08,08 e 20,31
Día 20	12,10
Día 27	07,22 e 19,58

Preamares setembro

Día 3	06,03 e 18,24
Día 10	01,14 e 13,23
Día 17	05,01 e 17,59
Día 24	00,06 e 12,29

Baixamares setembro

Día 3	12,03
Día 10	07,12 e 19,41
Día 17	11,05 e 23,25
Día 24	06,10 e 18,56

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalalo.

Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

Foise o amigo Crisanto



Neste mundo no que vivimos cada día é máis difícil atopar persoas que estén dispostas, sin ánimo lucrativo, a adicar parte do seu tempo e da súa vida a participar en proxectos sociais e comunitarios que redunden na mellora da calidade de vida, na convivencia entre os pobos e na potenciación da nosa cultura.

Por elo, cando a comunidade perde a unha persoa que ten esas cualidades humanas tan loables, todos estamos a perder, ó marxen de credos ou políticas coas que comulgamos.

O pasado día 24 centos de per-

soas, amigos e veciños, asistimos con tristura ó enterro dun gran home que ó longo da súa corta, pero intensa vida, loitou e traballou arduamente desde a súa praza de docente e como membro de colectivos sociais e culturais, no apuntalamento do sistema democrático.

Manolo Sánchez, Crisanto, participou en tódalas manifestacións pola defensa da industria en Galicia, defendeu colectivos de traballadores con empresas en crisis, loitou contra o expolio que nos anos 70 Autopistas do Atlántico intentaba cos veciños da comarca, constituiu e participou na creación

de sociedades culturais e na defensa da nosa lingua, e, desde unha oposición constructiva, defendeu e representou a centos de veciños de Bergondo e Sada nos últimos vinte anos de corporacións democráticas.

A súa firmeza nos principios e valores que defendía e a incompreensión e a ingratitud de moitos sectores cidadáns cos que se comprometeu, foron minando a súa resistencia e o seu corazón ata facerllo parar, deixándonos ós 52 anos, no mellor da súa vida.

Crisanto nunca cobrou pola súa dedicación a comunidade, soio

recibiu sinsabores e frustracións. Sería xusto e loable que os veciños de Bergondo e Sada non esqueceran a Manolo «Crisanto», e inmortalizaran a súa persoa asignándolle o seu nome a unha rúa, praza ou escola, para que os valores sociais, culturais e humanos que tanto defendeu, nunca se esqueceran e anime a que xerminen moitos «Crisantos» que tanta falta fan nesta sociedade egoísta e individual.

Descanse en paz. Os teus amigos de Alternativa dos Veciños.

Alternativa dos Veciños ten 9 concelleiros.

Grupo Municipal del Partido Popular

La demagogia del BNG



Hacer uso de un espacio editorial a modo de catilinaria o pescoción político no parece lo más inteligente; al menos no es práctico. No obstante hay ocasiones por las que merece salir al ruedo para intentar poner cada cosa en su sitio y una de ellas es hacerle llegar al ánimo del lector la demagogia consustancial que parece atezar al BNG y a su patético representante municipal.

Hubo tiempos en los que la UPG abanderó de manera exclusi-

vista el concepto de Galicia haciendo una extraña mixtura entre lengua, marxismo, independencia y folklore autóctonos. Los tiempos, que a fuer de machacones muestran una realidad social distinta a la fabricada en los alambiques nacionalistas, aconsejaron atemperar formas y adecuar estéticas combativas.

No obstante y como viejos tics ideológicos, vuelve el BNG, la UPG, a exhibir antiguas actitudes. Su falta de compromiso con la


realidad actual de nuestro país le lleva a extraños concubinatos con formaciones políticas siempre ariscas; en aquellas instituciones en las que no gobierna se muestra altivo, irritado, con un lenguaje ya caduco y en absoluto creíble y más preocupado por el eco de sus propias palabras que por mejorar la vida de quienes dicen representar. Allí donde ejercen poder, sin embargo la dura realidad le hace dudar de sus propios convencimientos.

A nuestro hombre de Oleiros le es aplicable lo anterior uniendo a la amargura de su solitaria representación la rebeldía que debe reconcomerle al comprobar la asintonía entre sus patronos de Santiago y la realidad municipal. Claro que como catarsis siempre queda la venganza personal, nítida manifestación de ruindad y resentimiento ¡Qué asco! ¡Cuanta miseria!

O PP ten 8 concelleiros.

Partido Socialista Obrero Español / Luis Vázquez

El PSdeG cree que García Seoane debe ser destituido



La obra del Pazo de Pousada, propiedad de la familia del Sr. Rosende, es ilegal e ilegalizable según la Alcaldesa y los técnicos municipales. Pese a ello, el Sr. García Seoane las declara legales, miente en la radio e insulta al denunciante en el NODO municipal de Radio Oleiros. ¿Será para mantenerse en fraude de ley como

Alcalde y para que el PP le mantenga el sueldo y el chofer que pagamos todos?

Que el poder corrompe es algo que sólo puede evitarse con un nuevo control del gobierno. La oposición es necesaria. Pero es grave que el Sr. García Seoane impida que los ciudadanos conozcan la opinión de los socialistas sobre los escándalos, ilegalidades y mentiras que predica. Ha tomado Radio Oleiros.

Los caciques usaban el pesebre del poder y el dinero de todos para comprar voluntades. Por higiene democrática, el cacique autoritario debe ser destituido, pues usa, además del pesebre, el palo (la radio pública): insulta y difama a quienes nos negamos a actuar como

gorilas domados en su circo municipal y pone 5 sueldos al PP para que se callen.

El PSdeG-PSOE de Oleiros seguirá apoyando todas las obras y propuestas que beneficien a nuestros vecinos, con la misma tenacidad con la que seguirá denunciando los abusos de poder.

O PSdeG ten 3 concelleiros.

Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro

Descompensación territorial



A oficina central de correos, dous centros de primaria, dous de secundaria, unha escola de música, dous auditorios, dous centros de saúde, dúas piscinas públicas, tres paseos marítimos, tres bibliotecas, un centro náutico, tres centros sociais, a casa da xuventude, o CEIDA, o Pazo de Lóngora, dúas escolas infantís, o 90% das novas promocións urbanísticas etc. son só a evidencia da DESCOMPENSACIÓN TERRITORIAL existente e que discrimina claramente a sete parroquias de Oleiros, estando as dúas restantes (Liáns e Perillo) nun preocupante estado de abandono por parte do Concello que non é quen de soportar o mantimento de zonas como Sta. Cristina ou Sta. Cruz decentemente. **O BNG ten 1 concelleiro.**



Oleiros, temporada de verán

Unha aposta pola eficacia

■ *A empresa mixta persigue optimizar a xestión dos servizos públicos*

■ *O enorme crecemento de Oleiros esixen medidas creativas para dar respostas de calidade*

A empresa mixta de xestión dos servizos públicos de Oleiros, que nestes momentos se está a artellar, é unha consecuencia lóxica do forte crecemento. Todo por melloralo servizo ós veciños, que necesitamos unha atención de alta calidade.

O Goberno Municipal non quixo privatizar os servizos, como adoitaban facer os grandes municipios. Por contra, con este novo sistema a empresa tamén é propiedade municipal, e o Concello resérvase a maioría no seu Consello de Administración. Será unha experiencia pioneira que de seguro será copiada por

outros municipios.

A iniciativa persigue unha rentabilidade social: os servizos estarán mellor atendidos, como nos merecemos os veciños, porque para iso pagamos impostos: parques mellor coidados, rúas máis limpas, redes de augas e alcantarillados en perfecto estado de funcionamento.

Tamén se busca a rentabilidade económica: estes servizos terán uns costes máis reducidos, porque se coordinará mellor o traballo das persoas que realizan os labores de mantemento.

Oleiros medra 1.000 habitantes por ano desde 1990, e a administración municipal quere que os novos veciños perciban desde o primeiro día a diferenza de vivir en Oleiros, donde a xestión pública se realiza en base á calidade total. Actualmente cóntanse 21 novas urbanizacións, unidas ós 92 núcleos de poboación preexistentes.

Todos eses veciños fóron incorporándose sen imprevisións, cos servizos públicos funcionando sempre a pleno rendemento e cunha cobertura (auga, alcantarillado, vías públicas, etc.) que chega ó 100% da poboación, algo que non sucede en ningún concello de Galicia, incluídos os urbanos. Ademais, hai dúcias de parques, prazas e zonas verdes que esixen un enorme esforzo.

A elo hai que engadir os centros sociais ou culturais, as bibliotecas 5 pabillóns e 27 áreas polideportivas e outras instalacións dedicadas ó deporte. E 9 escolas infantís, 4 colexios de primaria e 3 institutos, que son mantidos en perfecto estado de uso polo Concello.

O Goberno Municipal quere suliñar e loubar o enorme esforzo realizado por todos e cada un dos traballadores municipais de Servizos Públicos. As leis impiden que o Concello amplíe a plantilla, polo que

ven sendo o esforzo solidario dos traballadores o que suple as actuais estreiteces de falta de persoal. A entrega ó servizo é proverbial e intachable.

Coa entrada en funcionamento da nova empresa, os empregados públicos non quedan no paro, senón que son absorvidos tanto por esta entidade, como pola que se encargará, a través do Consorcio das Mariñas, do Plan do lixo.

Ademais, será necesario aumentar a actual plantilla, porque se irán eliminando os actuais contratos de prestación de servizos con diversas empresas privadas.

O traballo que se realiza na actualidade consiste en redactar os Estatutos e sentar as bases xurídicas e económicas para convocar o concurso. Eso permitirá que se incorporen á nova entidade unha ou varias empresas especializadas en xestión dos servizos públicos.

Avanza o plan do lixo

En poucos meses estarán xa plenamente operativas tódalas fases das que consta o Plan de Recollida Selectiva do Lixo.

Todo o que nos sobra será revalorizado na pranta de Nostián, que se constrúe nos límites entre A Coruña e Arteixo.

■ *Repartiránse gratis cubos do lixo, con dobre compartimento*

■ *Os residuos irán para Nostián, onde se lles dará novo valor*

Os horarios seguen igual

Tira-lo lixo entre 9 e 12 da noite

Ese é o horario de uso dos contenedores de lixo, tamén co novo sistema. **Está prohibido utilizalos en véspera de festivos.**

Se non respetamos este horario, estamos portándonos mal cos nosos veciños e co servizo de recollida. As bolsas acumuladas por moito tempo xeneran malos olores na rúa e, se o lixo desbordara o contedor, podería chegar a emporcalo todo, pola acción do vento ou dos desaprensivos que xogan con calquera cousa.

Para que todo sexa un éxito xa se foron distribuindo algúns contenedores, en concreto os que recollerán os residuos inertes (maiormente envases), e que terán tapa de cor laranxa.

Estes irán acompañados por outros con tapa verde, que será onde poidamos depositar as bolsas co lixo orgánico (básicamente restos de alimentos).

Tamén están xa por todo o concello os iglús de vidro, de cor verde, e os cubos nos que podemos tirar papeis e cartóns de calquera tipo, contenedores de cor azul.

Unha vez que esté completo todo o dispositivo, entrará en marcha unha operación informativa que servirá para que todos nos entereemos do que temos que facer.

Ó mesmo tempo, serán distribuídos en tódolos domicilios o «ecocubo», un recipiente para poñer na cociña, cun sistema para introducir dúas bolsas en vez de

unha sola, como vimos facendo.

Será gratis, e sobre todo, axudará-nos a cambiar a inercia que temos adquirida de toda a vida. Xa non haberá unha bolsa de lixo, senón dúas. Ademais deberíamos separar os xornais ou papeis e cartóns de todo tipo, por unha parte, e os envases de vidro por outra, para introducirlos en cadanseu recipiente.

Este plan foi realizado polo Concello de Oleiros a través do Consorcio das Mariñas, unha entidade supramunicipal impulsada polos concellos da área metropolitana que tamén está a traballar noutras moitas iniciativas de alto interese para os veciños, como son o transporte interurbano de viaxeiros, o servizo de bombeiros, as infraestruturas viarias, e, en xeral, toda xestión que debamos abordar en conxunto co resto dos municipios que formamos parte da conurbación coruñesa.

Granxas-hortas nas urbanizacións



Xa sabedes que hai moitos nenos que nunca viron un coello, non saben cómo van medrando as leitugas ou que os tomates nacen dunha flor. Algo xa estamos facendo nas escolas infantís, co programa de

hortos escolares.

Agora estamos ideando unhas áreas para instalar onde hai menos contacto cos animais e o xeito de vida tradicional, as urbanizacións. É unha iniciativa sen precedentes. Infórmate e participa.

O proxecto «Arca de Noe» quere humanizar un pouco máis as urbanizacións.

Trátase de tres áreas nas que se poderán prantar repolos, leitugas, zenouras, tomates, xudías, berzas cebolas, allos ou pementos, e tamén se poderán coidar unha parella de coellos, pitas, galiñas, cabritos e ovellas.

O proxecto terá como escenario, na súa primeira fase, as urbanizacións de Rialta (Dorneda), Os Regos (Liáns) e Xardín de Nós, se os seus veciños o desexan.

Serán lugares cercados e habilitados, con tódalas garantías sanitarias, situados en zonas limítrofes ós parques públicos deses lugares, e que estarán a cargo de monitores contratados especialmente para estes fins.

Moitos nenos poderán ter un contacto directo con animais, xa que serán eles os que os coiden, así como os

que realicen as pequenas «colleitas» das hortalizas.

Pero os nenos non deberán estar sós, senón que persoas doutras idades —xubilados, por exemplo— participen ensinándolles cousas que lmbren da súa experiencia doutras épocas. Tamén dos monitores recibirán as pertinentes explicacións.

Ofrecemos así alternativas de ocio para que os nenos non pasen tanto tempo diante do televisor, modera-lo excesivo individualismo que se detecta na actualidade, e crear espazos para que os veciños dos novos espazos urbanos aumenten as súas vivencias comúns.

Os proxectos consultaránse coas comunidades e asociacións de veciños e culturais de cada lugar, que poderán realizar tódalas suxerencias que crean oportunas sobre a organización ou a operatividade das granxas.

■ *Propoñemos unha iniciativa pioneira en Galicia*

■ *As entidades veciñais poden realizar tódalas suxerencias que queiran*

■ *Os veciños reciben unha carta para pulsa-lo interés*



Queridos cans:

Vai sendo hora de que lles digamos ós nosos amos que deben axudarnos a vivir en Oleiros. **¿De que maneira?** — Levándonos da correa, porque algúns veciños cren que somos perigosos e asústanse de nós. — Limpando o pavimento cando facemos caca, porque cando pasean, poden pisala. — Vixiándonos máis nos xardíns, pois eles plántanos para estaren bonitos, e ademáis, a nós gústanos máis estar polo monte...



Os vixiantes da praia

O verán motivou a contratación de 46 personas que se dedicarán a mellorar o benestar dos veciños durante este período que o municipio incrementa sensiblemente a poboación.

Os ocupantes das numerosas vivendas que se alugan durante o verán e a grande cantidade de prazas hoteleiras únense así ó gran número de veciños doutros lugares que acoden ás praias.

Ese incremento poboacional ten que corresponderse cun incremento dos servizos. As praias xa dispoñen da súa limpeza diaria, duchas e urinarios públicos.

Comezaron a traballar 8 personas nas tarefas hixiénicas diarias, así como outras 4 en diversas instalacións municipais e 3 no mantemento dos xardíns e o viveiro municipal, situado no Pazo da Carballeira (Nos).

Un dos traballos máis «visibles» destes xardineiros consistirá en deixar limpos de malas erbas os parterres do enorme xardín lonxitudinal da Avenida Che Guevara, nos 4 km que separan Perillo de Santa Cruz.

Ademáis, 5 operarios de carpintería realizan pezas

de mobiliario urbano, seguindo o estilo de bancos, papeleiras, marquesis ou expositores propio do Concello, nos talleres do Centro de Formación Isaac Díaz Pardo.

Seguridade nas praias

Comezaron a traballar os 18 socorristas para o salvamento marítimo da Unidade Acuática do Grupo de Protección Civil do concello, que recentemente trasladou a súa sede ó palacete da Rúa Darwin, en Perillo.

Estes mozos velarán pola seguridade das praias, e contarán coa colaboración de 8 persoas máis de protección civil, para reforzar o servizo de ordenamento do tráfico e acceso ás praias.

Monitores para actividades

Outras 7 persoas reforzarán o servizo de monitores para as diferentes actividades relacionadas coa animación do verán, de tal xeito que se ocupen das actividades lúdicas propias da temporada, que teñen lugar nas praias, piscinas, instalacións deportivas e outros lugares de lecer.

A forza do sol provoca que se redoblen as visitas a Oleiros e que veñan os veciños «de temporada».

Somos o moitos máis, e o Concello ten que estar á altura: servizos de praias, seguridade acuática, apoio ó tráfico, control sobre os estacionamento, coidado da natureza e máis actividades para un verán feliz.

¡Mira ben dónde aparcas!

Non se consentirá estacionar en lugares non aptos, xa que perto das praias existen áreas de estacionamento. Oleiros optou por preservar os entornos das praias para disfrutalos co maior contacto posible co medio natural, lonxe dos automóviles.

Anque durante o inverno foi consentido aparcarse en zonas dos paseos peatonais de Bastiagueiro, agora esixírase maior disciplina ós que pretendan deixar o coche enriba de aceiras, paseos, parterres

ou carrís-bici: a advertencia reforzará-se con multas e grúas, ademais de retirar os automóviles mal estacionados. Hai un enorme estacionamento ó outro lado da Avenida Che Guevara, a 100 m do areal.

Tamén noutras praias coma Mera-Xoez-Espiñeiro ou Naval, existen lugares de estacionamento. Santa Cristina verá próximamente incrementada-las súas posibilidades coa entrada en servizo do parking de Guyatt, mesmo

■ **Refórzase a vixilancia sobre os que aparcen en calquera lugar**

na glorieta de intersección entre Che Guevara e a Avda. de Santa Cristina. Desde alí, o traxecto á praia é un agradable camiñar polo novo paseo litoral de madeira ou pola avenida.

Ademáis da Policía Local, son os voluntarios da Agrupación Local de Protección Civil, os que colaboran en orientar ós condutores e advertírlle-las riscos ós que se expoñen se non seguen as normas establecidas.

■ **Límpase de malas herbas Che Guevara, que gana esplendor**

■ **46 personas para reforzar los servicios relacionados co verán**



Alguns aparcen en calquera lugar

Obras son amores

Perillo

Reordenación dos aparcadoiros en Santa Cristina

En diversos lugares da zona, para facilitar e indicar os lugares de estacionamento.

Duchas no Náutico da Fábrica

Ata agora, os remadores veñen usando as duchas da Piscina, pero os deportistas do mar necesitan máis autonomía, polo que se instalarán alí unhas duchas.

Fronte da Facenda Local

Acometerase a reordenación do fronte das oficinas da Facenda Local, que quedou deteriorado despois da intervención de Fomento e agora impide o aparcamento, polo que se habilitarán lugares para estacionar.

Tuberías novas para Xuncal, Méndel e V. López Seoane

Renovación de tuberías de auga nestas importantes rúas de Santa Cristina, que costará algo máis de 4 millóns de pesetas. Tamén se leva a cabo o alcantarillado do Riveiro.

En varias parroquias

Hidrantes

Colocaranse en diversos lugares do Concello (Dexo, Lorbé e Perillo, entre outros) por valor de 1,6 millóns.

Melloras en Che Guevara

O bulevar entre Perillo e Santa Cruz verase embelecido con máis bancos e papeleiras, sinalizacións e mellora da xardinería.

Dexo

Recuperación do muíño

Costará 1,7 millóns de pesetas habilitar esta fermosa peza etnográfica.

Campo da festa e local social

Serán investidos 5 millóns en ordenar o campo da festa, construír un local social e instalar un xogo infantil.

Pavimentos

Arranxo das rúas Castro da Vixía e da Rivela, por case 2 millóns de pesetas.

Alumeado en Aba

Mellora-la iluminación no acceso a este lugar costa 600.000 pts.

Liñas

Aceras entre Pardo Bazán e Concepción Arenal

Acondicionaranse as aceras e adecentarase o entorno dese céntrico lugar.

Parque Luis Seoane

Drénase o parque infantil, mellórase o alumeado e péchase con travessas o estanque.

Fontes do Bañil e Franzomel

Recuperación dos mananciais e o entorno das fontes, con 4 millóns.

Alumeados

Nas rúas Camariña, Monte Sino e zona do Bañil.

Vías públicas

Reparación da Rúa Constitución, rego asfáltico das rúas de Icaria, reparación da vía de acceso a Franzomel.

Campo de fútbol dos Regos

Construírse esta nova instalación deportiva.

Novas obras para seguir mellorando Oleiros. Este é un repaso polo curso das novas realizacións municipais. A maneira de comprobar cómo se van cumprindo as promesas electorais.



O portiño de Dexo tamén se está a recuperar

Dorneda

Fontes do Breixo e do Couto

Recuperación dos mananciais e axeitamento dos entornos, por case 4 millóns.

Vías públicas

Repáranse as rúas das Burras, Xardín de Gómez, Costa do Bañil e Viñas do Inferno.

Alumeados

Nas rúas das Pedras, Cardal, e do Mar, por máis de 2 millóns. Tamén entre Lourido Grande e Lourido Pequeno da Av. Rep. Arxentina, de Arillo a Vila Clara, e nas rúas Cruceira e Poza, na Agueira.

Iñás

Cúbrese a polideportiva

Costará case 28 millóns cubrila e construír vestiarios cos servizos básicos para a práctica do deporte.

Pavimentos

Nas rúas Molina, O Piñeiro, Casavella, Fontes, Iñás-Sarro e do Mirto. En total, máis de 10 millóns.

Oleiros

Novo depósito de Auga

Na Edreira construímos un depósito que costa 30 millóns e servirá para paliar os problemas de abastecemento.

Vías públicas

As aceras da rúa Pardo Conchado costarán máis de 4 millóns. Pavimentar a rúa Corralón costa un pouco máis dun millón. Tamén se repara a Rúa O Castelo.

Cruce de Charry

Reformas entre as rúas Charry, Miguel Hernández e Francisca Herrera, para mellorar a circulación e construír aceras.

Campo de fútbol «Eugenio Pardo Conchado»

Refórmase esta instalación deportiva, que se dotará de tódolos servizos necesarios para a práctica do fútbol. O seu coste supera os 33 millóns.

Alumeados

Tócalle á rúa As Figueiras, entre a Av. Venezuela e a urbanización Dos Regos.

Nos

Aceras en Salvador Allende

Segunda, terceira e quinta fase da construción, para completa-lo tramo entre O Sexial a Xardín de Nos. En total, máis de 6 millóns.

Tubería entre O Carballo e Sarro

Serán investidos case 16 millóns para mellorar a condución de auga entre os depósitos da Edreira e Sarro, para mellorar a presión en toda a zona.

Pavimentos

Arranxo das rúas Xosé Baena, Xuncos, Volvoretas e Mapoulas.

Polideportiva do Seixal

Un novo cerre, mellorar a iluminación e a zona verde existente no lugar, por valor de 2,5 millóns.

Campo do Hércules

Vestiarios para os futbolistas, por 5 millóns.

Fonte Regueiro Dans

En Manuel Murguía, e será recuperado o manancial e o entorno. Costa 2 millóns.

Mera

Duchas no Náutico

As actuais están en malas condicións, polo que é preciso melloralas, para que os remadores teñan mellores servizos.

Melloras na pista de xogo de Xoez

Alumeado e outras melloras para deixar esta pista de deportes en boas condicións.

Casa do Arxentino

Quince millóns de pesetas para a segunda fase de recuperación desta fermosa casa modernista de primeiros de século, que quedará convertida un novo símbolo de Mera.

Melloras na Lagoa

Case 3,4 millóns de pesetas para alumeado, pavimentación e mellora do estado xeral desta gran área de esparcemento.

Asfaltados

Pavimentación da rúa Pumariño, en Serantes, que costa algo máis dun millón. Asfaltado de varios tramos en Fornos, tamén de Serantes.

Igrexa de Serantes

Adecantamento do adro, construción de aceras varias e recuperación do manancial de Punxeiro.

Alumeados

Nos tramos de Curros Enríquez á Concheira (Mianca), de Feiteira a Cabezudo, rúa Lamalonga e de Celso Emilio Ferreiro cara ó faro, en Serantes.



Os trámites do Catastro, no Concello

Ata agora, os veciños xa podíamos realizar en Oleiros moitas das xestións catastrais, en cambio para outras había que se desprazar a Facenda, na Coruña.

Boa parte das xestións habituais consisten en verificar propiedades inmobles de natureza urbana, na modificación das mesmas ou mesmo no troco de titulares. Agora todas poderán

ser tramitadas no Concello, que remitirá a Facenda os datos cada tres meses.

Ademais, o Concello pode recibir, en nome do Catastro, todo tipo de alegacións, solicitudes, reclamacións... que se comunicarán á Xerencia territorial. O Concello instalará os medios necesarios — en particular equipos informáticos — para unha atención de cali-

dade ó cidadán, especialmente no que se refire ás alteracións de orden xurídica, coñecidas como “transmisións de dominio”.

Por outra banda suscribiuse entre as mesmas un convenio de colaboración para a o mantemento da cartografía informatizada do Municipio.

Así, teremos unha cartografía única, homoxénea e continua

do término municipal, que se pode actualizar constantemente.

O Concello aporta a cartografía catastral informatizada — unha das máis avanzadas que existen —, que consta cartografía a escala 1/1000 do chan urbano e urbanizable, cartografía a escala 1/2000 do resto do término municipal e ortofotografías de todo o municipio.

A antiga sede da Garda Civil en Mera

■ *Servirá para ampliar a área de actividades da Casa do Pobo*

■ *A cambio, o Concello remozará o cuartel da Pezoca, en Oleiros*

O vello cuartel devólvese ós veciños

A conversión do antigo cuartel da Garda Civil de Mera nun local anexo á Casa do Pobo está cada vez máis próximo gracias ás xestións que se están a realizar co Ministerio do Interior, e que consisten en arranxa-lo cuartel da Pezoca, en Oleiros, a cambio da cesión do local de Mera.

A dedicación do Concello á procura dunha ubicación para a Garda Civil hai que data-la hai dous anos, cando

se chegara a un acordo para a cesión de 1.000 m² dun edificio situado no polígono de Caavamontes, no centro de Perillo.

Esa posibilidade foi desbotada polo instituto de seguridade, pero aceptou unha nova proposta do Concello, na que éste se compromete a restaura-lo cuartel da Pezoca, en Oleiros.

Precisamente o diñeiro que agora investirá o

Concello na reforma deste cuartel sairá da venda daquel inmueble, toda unha primeira pranta valorada nuns 30 millóns de pesetas, para converti-la vella casa-cuartel nunhas instalacións actualizadas, capaces de atende-la demanda dos veciños de Oleiros e Cambre, concellos ós que da servizo.

En canto ó antigo cuartel de Mera, a súa propiedade revertirá de novo ó Concello, que xa cederá o terreo públi-

co para edificalo. Hai xa algúns anos que non se utiliza, e a súa nova función, unha vez que se habilite para tal cousa, será incrementar en máis de 2.600 m² as instalacións da Casa do Pobo da localidade, anexa ó cuartel, co que se dobra o espacio dedicado ás actividades socioculturais das que disfrutaban os veciños. A rehabilitación do cuartel de Oleiros terá lugar este ano.



Cuartel de Mera

Nada mellorou tra-la construción da nova sede

O servizo de Correos segue lento e torpe

Dixeron que coa construción da oficina de Perillo todo iría mellor, pero nada de nada: as cartas seguen tardando un mes en chegar ós domicilios desa zona norte do Concello e os veciños xa desesperan.

Desde o Concello protestamos a Correos, e xa se sabe: que todo vai mellorar, que non é cousa da organización e esas cousas que non convencen. Parece ser que no fondo é un problema de que a persona que atende a esa zona non é o

suficientemente eficaz. As demais áreas de reparto están desigualmente atendidas, xa que o constante cambio de carteiros fai que en moitos casos se produzan retrasos.

Aqueles veciños que observen anomalías ou retrasos, deben dirixirse por escrito á Oficina do Consumidor do Concello, xa que as protestas verbais non serven para abri-los expedientes necesarios ós culpables das anomalías.

Eles piden colaboración

Que rúas, urbanizacións e direccións estén correctamente indicadas. Ese é o rogo que fan os responsables do servizo público de Correos, para tratar de mello-la situación da deficiente entrega dos envíos postais. É preciso que,

ademais da indicación na vía pública, as vivendas estén dotadas dun buzón no que apareza o nome dos residentes, para que a entrega sexa segura.

Para mellorar, é importante facer caso a esta indicación.

A Vía Ártabra acabaría cos atascos da Pasaxe

■ *Debe construíla a Xunta. Pero a pregunta é sempre a mesma: —¿Cándo darán feito a obra?*

Unha das claves para acabar cos atascos de Santa Cristina e desafogar Che Guevara é construí-la vía que circulará entre os municipios de Sada e Oleiros, e que conectará polo interior as vías de alta velocidade con Lorbé, no Arco Ártabro, dando saída rápida ós principais núcleos de poboación.

Así consta no plano viario realizado para toda a área metropolitana coruñesa, e sobre o que a Xunta debe fixar prioridades para iniciar a construción.

Oleiros chegará axiña ós 35.000 habitantes e temos que reclamar esta importante actuación viaria, pensando non só nos veciños que virán vivir aquí, senón tamén nos que xa estamos e nos

que veñen cada verán a disfrutar das praias e o suave verán.

A Vía Ártabra parte do mesmo porto de Lorbé, que se convertería no seu novo acceso. Unha primeira conexión coa estrada que vai a Sada pola costa, e unha segunda para a estrada da Besta, perto de Mera. De alí segue polo interior e pasa apenas a 1 km de Rialta e a 3 de Santa Cruz, zona na que tamén se prevé un enlace coas vías que van a Meirás.

Segue cara ó sur e en Oleiros hai unha conexión na Edreira e outra nunha nova variante por fóra do casco, conectando coa zona do colexio da Rabadeira.

Xa en Iñás enlaza coa N-VI e penetra no concello de Cambre, para de seguido confluir coa A9 (de peaxe) e a A6 (gratuita).

¡Que a N-VI sexa urbana!

O Concello intentará que os intereses dos veciños poidan influir nas decisións dos ministerios de Fomento e Interior que afecten á estrada N-VI ó seu paso polos núcleos urbanos das parroquias de Iñás, Nos e Perillo.

Pedimos a consideración de «travesía» para os tramos urbanos, como paso previo para que a xestión deses anacos de vía se realice en cooperación co Concello, con obxecto de controla-la velocidade, os rúidos e a seguridade dos peóns.

Ante a demanda veciñal, o Concello decidiu declarar travesía urbana ós núcleos que atravesaba a estrada, que recibe o nome de Avenida das Mariñas.

Unha vía urbana non pode ser convertida en vía rápida, nen ter o mesmo tratamento técnico —en materia de tráfico e deseño— que unha vía que atravesase zonas non poboadas.

Os tramos que surcan zona urbana son os do núcleo do Campamento, en Iñás, o cruce entre a Av. Miguel Hernández e a propia estrada radial, no Carballo (Nos), o que vai desde a fábrica de piensos Bionata ata o Seixal, tamén en Nos, e o propio tramo de Perillo, desde a urbanización Beiramar ata a ponte da Pasaxe.

Plano esquemático da futura Vía Ártabra

Esta nova estrada rápida permitirá desconxestionar de tráfico á vía litoral. Moitos veciños de Dexo, Lorbé, Mera, Serantes, Maianca, Arillo, Dorneda e Santa Cruz, que agora utilizan Che Guevara, terán un itinerario algo máis longo, pero moito máis cómodo, para chegar á Coruña, ó aeroporto ou ás autopistas. **Temos que lograr que a Xunta a constrúa canto antes.**



■ *O corredor do interior será unha vía alternativa á estrada das praias*

■ *Itinerarios algo máis longos, pero moito máis cómodos*

Deputación e Concello colaboran

Arránxase por fin O Repicho

A céntrica rúa de Santa Cruz recibirá un tratamento «peatonal» só transitable para veciños e servizos de carga e descarga.

Concello e Deputación correrán cos gastos, aínda que se trata dunha vía de propiedade provincial (tramo final da estrada

entre o Porto de Santa Cruz e Meirás).

Terá franxas transversais de granito e adoquín, con recollida de augas central. Tamén terá mobiliario urbano e algúns toques de xardinería.

A ver se despois das protestas veciñais e a

insistencia do Concello as obras son por fin realizadas. Tra-la construción da pasarela do castelo, O Repicho recobra importancia, xa que é a conexión máis directa entre o centro de Santa Cruz e o tramo do paseo que dá acceso á illa.

Novas urbanizacións para m

O «boom» económico que vive o país ten un reflexo directo no mercado inmobiliario, e na construción de novas urbanizacións. Actualmente, están xestionándose 23 no territorio municipal. Son novos espazos co nivel de calidade que esixe Oleiros; en moitos deles existen vivendas de prezo controlado. Aquí tes un detallado repaso por estas iniciativas.

Perillo-Montrove

O Carballido

- 250 vivendas, entre chalés e edificios de baixo e 3 prantas
- Máis de 50 vivendas de prezo protexido
- Zona da nova piscina cuberta. Área con impresionantes vistas sobre Bastiagueiro, A Coruña e o horizonte
- Pendente de reparcelación e urbanización. Será executada polo Concello

Fonte de Perillo

- 249 vivendas, entre chalés e edificios de baixo e 3 prantas
- Inclúe pisos de prezo protexido
- Zona da nova piscina cuberta. Área con vistas cara a Montrove e a ría
- Pendente de aprobación do Plan Parcial

Areal Sur

- 73 vivendas en edificios de baixo e 3 pr.
- O 10% de prezo protexido
- Arredor do hostel «Sol y Mar»

Sta. Cristina

- 30 vivendas en edificios de baixo e 2 prantas, de venta libre
- Zona do restaurante «Madrileño».
- Primeira liña de praia
- Aprobado o estudo de detalle



Rialeda

- 50 vivendas en edificios de venta libre
- Linda coa Av. das Mariñas e Rosalía Castro (frente BBV). Acarón da Biblioteca
- En construción

Areal Este

- 63 vivendas en edificios de baixo e 3 pr.
- 10% de prezo protexido
- Lindante coa finca Rialeda, con frente á Av. das Mariñas (N-VI)

As Toxeiras

- 60 vivendas unifamiliares, venta libre.
- Frente á Urbanización Montrove
- Pendente de comeza-la urbanización

Oleiros

Fonte do Ouro

- 85 vivendas (30 chalés e o resto en edificios de baixo e 3 pr.), de venta libre
- Situada diante do novo instituto, entre as estradas a O Carballo e Iñás
- Están construíndo

A Cova

- 94 vivendas (chalés e edificios de baixo e 2 pr.), de venta libre
- Situada entre a estrada de Soñeiro e a de Sada
- Están urbanizando



Mera (Serantes-Maianca)



O Arxentino

- 22 vivendas en baixo e 3 prantas
- Venta libre
- En construción tra-la Casa do Arxentino, cunha praza pública e aparcamento

Cividanes

- 107 vivendas en baixo e 3 prantas
- 10% de prezo protexido
- Tra-la cafetería Nai-Pai
- Inclúe vivendas de prezo protexido

Canide

- Máis de 70 parcelas vacantes para construír vivendas unifamiliares
- Área que vai desde perto do cruce de Breixo ata case a ermida de Santa Ana
- Gracias á legalización definitiva do morro de Canide desbloquéase esta importante área residencial, co que se pode volver a construír, esta vez legalmente.



360 vivendas
Inclúe 52 p
Situada en
Coruxo e a estrada
Inclúe a re
pabellón que est
Están urba



377 vivendas
Inclúe 30 p
Situada fre
Che Guevara e o
Inclúe un q
actual Paseo de
Tamén se constr



118 vivendas
Situada pe
Están cons



6 vivendas
Situada no
En marcha



41 vivendas
Perto do P
Pobo, sede da F
Aprobado



Poden con
Restauraci
anos 70 perto da
Pendent
contribucións es



146 vivendas
Inclúe vive
En constr

NOVOS veciños

Santa Cruz - Bastiagueiro

Romardeiro

Chalés e edificios de baixo e 3 pr. Pisos de prezo protexido entre o Instituto María Casares, o cruce de Liáns e o cruce de A Montrove. Recuperación da área fluvial, terreo para o urbanismo, e un área comercial en proceso de urbanización.

As Galeras

Chalés e edificios de baixo e 3 pr. Pisos de prezo protexido fronte á urbanización anterior, entre a Av. do Mar e o gran parque litoral con miradores entre o cruce de Santa Cruz e Bastiagueiro Pequeno. Construír unha nova escola infantil municipal durante o proceso de aprobación definitiva.

Lóngora

Chalés en edificios de baixo e 2 ou 3 prantas, de venda libre. Próximo ao Pazo de Lóngora, futura sede universitaria, ó pé do futuro Parque Metropolitano.



O Muíño

- 60 vivendas en baixo e 3 prantas, de venda libre
- Na baixada a Santa Cruz, zona da Torre de Santa Cruz
- Urbanización semicircular cunha gran praza á Avda. Concepción Arenal
- Pendente de modificación puntual

Interior (Nos, Iñas e Ría)

O Vilar

Unifamiliares no núcleo histórico do Vilar.

A Carballeira

Unifamiliares no Pazo da Carballeira, pasada a Casa do Pazo. Estudo de detalle de Juana de Vega e Viveiro Municipal en proceso de estudo de detalle.

O Valiño

Construírse 168 vivendas unifamiliares durante o proceso de desbloqueio desta urbanización dos anos 80. Agora dótese de servizos públicos e de finalizar algunhas expropiacións e servizos especiais.

Icaria II

Unifamiliares e de baixo e 2 prantas. Pisos de prezo protexido durante a promoción en Icaria, perto da N-VI.



O Graxal I e II

- 223 vivendas, de baixo e 2 ou 3 prantas
- Inclúe vivendas de prezo protexido
- No Graxal de Oleiros, entre a N-VI e a ría. Inclúe varios espazos públicos e a continuación do paseo litoral
- Está construíndose

Mesón da Auga

- 185 vivendas unifamiliares e plurifamiliares, de promoción pública do IGVS (Xunta de Galicia)
- Na N-VI, no Carballo
- A Xunta mantén inexplicamente paralizada esta urbanización, que está sen comezar despois de 3 anos de xestións administrativas

A xulgar polo número de solicitudes presentadas, o interese dos veciños que necesitan unha vivenda de prezo protexido ou controlado céntrase na situación xeográfica e no prezo concreto do piso.

Só 91 solicitudes para os pisos de prezos controlados

■ *Caavamontes é o centro de Perillo, polo que a demanda foi superior*

Nos primeiros casos, as 7 vivendas de Caavamontes tiveron 71 solicitudes, e as 36 de Icaria (algo apartadas do casco urbano) só foron solicitadas por 20 veciños.

As dúas primeiras promocións de vivendas públicas que xestionou o Concello de Oleiros en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo saldáronse con desigual demanda: mentres que ós 7 pisos de Caavamontes optaron 71 interesados, para os 36 de Icaria presentáronse 20 solicitudes.

A diferente ubicación das residencias e as fórmulas de protección aplicadas a cada promoción determinou este desigual comportamento.

Os de Caavamontes eran pisos de prezo «protexido», e os de Icaria de prezo «taxado», dúas figuras distintas en canto ós prezos resultantes.

Os pisos de Caavamontes eran sensiblemente máis económicos —cunha diferenza media de 2 a 3 millóns—, ademais de estaren mellor situados en relación ós servizos urbanos do centro da poboación (comerciais, mercado, correos, centro de saúde, biblioteca pública, escolas primaria, básica e secundaria, futura piscina, pistas e pabillón polideportivo, ademais do Parque Nelson Mandela...) e a un paso da praia de Santa Cristina.

Os de Icaria limitan coa N-VI, dispoñen dun entorno natural ben coidado, pero distan uns 2 km do centro urbano de Perillo. Na promoción de Icaria podíase optar a un piso de 65m² por uns 9 millóns de pesetas, e a un de 90 m² por algo máis de 12 millóns, prezos ben inferiores ós da oferta libre no mesmo lugar.

■ *Nos próximos meses, novas ofertas: máis de 300 pisos de prezos controlados*

Rematado o prazo de 3 meses reservado ós veciños de Oleiros, á promoción de Icaria poden acceder cidadáns de outros municipios, xa que non foi cuberta na súa totalidade.

O Concello examinou as solicitudes para comprobalo requisito de estaren censados aquí. Agora, o promotor entregará á Xunta o resultado, e o Instituto Galego da Vivenda e Solo otorgará os pisos en función dos puntos acadados por cada candidato.

Próximamente saíran novas ofertas, entre as que compre citar:

- 26 novos pisos en Caavamontes. Prezo taxado.
- 11 cabo da ría da Pasaxe, no Seixo (O Graxal) Prezo taxado.
- 52 vivendas en Romardeiro (Sta. Cruz)
- 189 no Carballo (Nos)

Sobre todas elas iremos ofrecendo cumprida información.

■ *Unha iniciativa para fomenta-lo autoemprego en base ás novas demandas da sociedade*

¿Buscas ou ofreces traballo?

¿Estás sen traballo? ¿Queres montarte a túa propia empresa? ¿Desexas localizar algún traballador para calquera labor? Pois ponte en contacto coa nova Axencia de Emprego de Oleiros. Un servizo que funciona cunha simple chamada telefónica.

Por exemplo, vostede precisa un operario para arranxa-lo xardín, unha persoa para sacar a pasea-lo can ou mesmo un empregado doméstico, cociñeiro ou asistente para a avoa, que está malia e precisa de máis dedicación.

Ou mesmo para quen queira sair de noite e necesite un canguro para quedar cos nenos, ou unha azafata para calquera reunión ou evento... calquera emprego pode ser solicitado, e será cuberto de inmediato.

Pola contra, calquera persoa que busque un traballo por pouco convencional que sexa, ten na nova Axencia un punto de referencia para encauzar-lo seu futuro laboral. Alí saberán qué sectores ofrecen maiores oportunidades de estabilidade, ou máis garantías de negocio, porque eles estudian os recursos pouco utilizados, e ofrecen asesoramento para as iniciativas persoais que desexen montar-las súas propias alternativas laborais.

Ese é o obxectivo da nova Axencia de Emprego e Desenvolvemento local, unha iniciativa creada para loitar contra o paro. Todo o que busca ou ofrece emprego ten un número de teléfono onde realizar unha consulta.

Sabemos que hai novos «filóns de emprego», como lles chaman os expertos, que hai que explotar.

Existen subvencións públicas para estas iniciativas, que se complementan coa axuda municipal, tanto ou máis importante que o propio apoio económico.

A nova axencia informa das posibilidades, acompaña nos trámites e no plan de lanzamento da empresa. Unha vez constituída a sociedade, tamén se acompaña ós promotores nas primeiras etapas de funcionamento, tanto con apoio ás técnicas de xestión empresarial, coma nos procesos formativos necesarios para que a marcha da empresa sexa boa.

Ademáis, lembren: hai quen dí que non hai moitos parados, senon poucos empresarios, pois cada parado é un potencial iniciador dunha actividade. Unha das tarefas que a nova axencia ten por diante é intentar vencer-lo derrotismo dos veciños que levan anos bregando na procura dun acougo laboral, e ven que cada vez é máis complicado. Xa non existe o «traballo para sempre» e hai que apoiarse na forza propia e a creatividade. Será unha boa maneira de plantarlle cara a ese mónstruo chamado paro.

Os tertulianos, novos mobles dos parques

Unha nova conxunción entre a formación dos desempregados e as necesidades dos veciños. Trátase do primeiro tertuliano que construíron no Centro de Formación Isaac Díaz Pardo. Instalouse nos Regos, nun lugar elixido polos mozos que se reúnen no parque a charlar.

As parroquias de todo Oleiros verán nos seus parques instalacións semellantes, que costan uns 2,8 millóns de pesetas. Os seus autores foron 5 integrantes dos cursos de ebanistería.



O tertuliano de Os Regos

«Artegama», a primeira experiencia

Como exemplo do que se pode facer, hai pouco tempo naceu «Artegama», unha experiencia pilotada por cinco ex-alumnos dos cursos de ebanistería. Eles tiveron a iniciativa de montar unha empresa para fabricar mobiliario urbano para vender no mercado.

Ben formados non só como ebanistas, senón tamén en cómo dar os primeiros pasos e montar-la estrutura necesaria para botar a andar, xa teñen a empresa activa e disposta a comerse o mercado. Estudaron a competencia, viron cómo chegar ós posibles clientes, montaron o catálogo de produtos a fabricar e están cheos de ganas de trunfar como pequenos auto-empresarios: fan falla moitos coma eles.

Artegama: R. Ícaro, 44 (Pol. Icaria). Tif. 981 639 345.

Non se eliminan os consultorios das parroquias

Abre o novo Centro de Saúde de Santa Cruz

Comeza a prestar servizo o novo Centro de Saúde de Santa Cruz, un flamante edificio na praza de Luis Seoane. Non obstante, os usuarios dos consultorios parroquiais non deben preocuparse, pois a «centralización» de servizos non lles afectará.

Diversos colectivos temían que a entrada en funcionamento do centro puidese acabar coa asistencia médica nas parroquias.

Esta asistencia, procurada en todo momento polo Concello para acerca-los servizos públicos á

poboación, préstase, e seguira-se prestando nas instalacións municipais de Lorbé, Iñás, Nos e Oleiros.

O centro ten servizo de cita previa, e consultas de mañá e tarde, ademáis do servizo de urxencias, que tamén se traslada desde a súa sede da Rúa Castelao.

O Concello expúxolle ó Sergas as denuncias que se reciben sobre o consultorio de Mera. A Casa do Mar poñería a disposición da asistencia médica máis superficie, se o servizo sanitario incrementase a plantilla. Na actualidade hai un



Unha obra do arquitecto Noguero

médico, un pediatra a media xornada, un ATS, un auxiliar e un celador, insuficientes para dispensar unha atención de calidade.

Tamén se espuxo a idea de que se estudie a medio prazo a construción dun novo centro de Saúde na capital municipal, para o interior.

Ducias de colaboradores, miles de amigos

Voluntarios, solidarios

Cada vez que hai unha festa, moitos veciños e veciñas colaboran na súa organización. Son cidadáns que xentilmente se prestan a axudar ós demáis. As festas así son outra cousa: ganan en calidade e fartura. Esta-se a elaborar un pequeno rexistro. Se o desexas, apúntate.

A parte das comisións de festas de cada parroquia, dos eventos culturais ou folclóricos que teñen lugar en calquera parte, existen moitas outras convocatorias que a figura do voluntario espontáneo é imprescindible.

¿Qué sería do antrodo do pabillón da Rabadeira sen os doces realizados polas veciñas máis eufóricas e dulceiras? ¿Cómo sería a romería das Merendiñas sen as mulleres e os homes que axudan á súa organización?

Sexa quen sexa o que leve a batuta e a carga organizativa, sempre hai personas con «bó rolo» que se entregan ós demáis sen recibir a cambio máis que a satisfacción de ter axudado.

Cun labor non sempre ben recoñecido, estas personas forman un exército anónimo volun-

tarioso e ledto, intelixente e entregado, ó que nunca homenaxearemos o suficiente. Normalmente, son colaboradores do departamento de Servicios sociais. Alí dinos que desde hai anos «moitos veciños veñen participando activamente no desenvolvemento social e comunitario do concello»; non en vano, sempre sorprende ós de fóra a capacidade de implicación social que se vive en Oleiros.

Os cidadáns que toman parte nas actividades, están normalmente vencellados ás entidades sociais e Asociacións de Veciños, de fonda raigame no concello. Agora queren facer un pequeno rexistro das personas que voluntariamente participan nas actividades, para poder mellora-la organización e resultar máis operativos.

Para elaborar este «censo» de voluntarios espontáneos, en Servicios Sociais contan coa colaboración de tódalas entidades, pero se o desexas, podes aporta-los teus datos ou mesmo a túa opinión. Fala con Mar (teléfono 981 610 000).

Duas voluntarias na Escola da Pardela

Unha muller alemana e outra italiana pasarán unha boa tempada na Escola Infantil municipal A Pardela, na Urbanización dos Regos.

Chegarán a primeiros de setembro, a unha estadia que lles servirá para coñecermonos mellor. Isto é posible grazas a un convenio asinado polo Concello para o intercambio de voluntarios. Se desexas ir tí a calquera lugar de Europa, chama ó 981 610 000.

■ *Son un exército anónimo, voluntarioso e ledto, cunha importancia nunca ben recoñecida*

■ *Vaise crear un rexistro. Se o desexas, apúntate*

Ser «voluntario» é moito máis que dedica-lo tempo libre a unha actividade positiva. É encherse de amigos e exercita-la solidariedade, ademais de medrar como persona e contribuir a que os demáis vivan mellor.

O recién creado servizo de Voluntariado Social está a funcionar dende a súa inauguración no pasado mes de Xaneiro, con enorme éxito. En Maio, durante a semana do 22 ó 26, organizaron un curso de formación de voluntarios.

Os asistentes, 15 en activo e 5 máis dispostos a incorporarse ó servizo, tiveron ocasión de recibir información e asesoramento sobre os aspectos xerais e as diferentes formas de levar a cabo os seus labores como voluntarios.

Fíxose moito fincapé na importancia da comunicación voluntario-usuario, así como na necesidade de formar un sólido grupo de voluntarios que se poidan axudar uns a outros e aconsellarse compartindo dúbidas e experiencias.

As actividades que se están a levar a cabo ata o momento son principalmente de acompañamento no fogar a persoas maiores e minusválidos.

Paco, o Voluntario

Paco é unha das vinte persoas que participaron no curso organizado polo Servizo de Voluntariado durante o pasado mes de Maio. É un home solidario e altruísta como o resto dos seus compañeiros, así que un día decidiu chamar ó Concello para ofrecerse a axudar nos seus ratos libres á xente que máis o necesitase. En pouco tempo o Servizo de Voluntariado púxose en contacto con el, e tras unha formación básica asignáronlle o acompañamento dun veciño do Concello que perdera a vista.

Paco axúdalle na súa vida diaria e colabora con él en todo canto lle é posible; pasean xuntos e falan, polo que a súa relación xa pasa a ser de amizade e son os dous os que gañan: tanto o usuario que recibe a axuda como o Voluntario que se sente útil e gratificado por poder axudar a alguén necesitado.

O Servizo de voluntariado está a organizar de cara o verán un proxecto dedicado ós rapaces: a intención e a de axudarlles e a vez entretelos a través de talleres lúdico-educativos, polo que se realizarán excursións e xogos continuamente. Poderán participar todos aqueles nenos que o precisen.



A troula do verán para os maiores

As Merendiñas, un ano máis nas Torres

A gran festa do verán para os máis maiores tivo lugar, coma cada ano, nas Torres de Santa Cruz. Alá chegaron os autobuses procedentes de todo o Concello. Os participantes disfrutaron dun día de xogos, música e baile, xantar e ledicia, no frondoso parque que arrodea o centro cultural. Grazas á colaboración de tantos veciños que botan unha man á organización.

Falar de sexo e afectividade

Psicólogos, profesores, pais de alumnos, médicos e os propios alumnos participaron nunha experiencia pioneira no ámbito da educación afectivo-sexual no Instituto María Casares de Bastiagueiro.

Son os «Talleres de Educación afectivo-sexual» que organizan os Servizos Sociais do Concello, en colaboración cos docentes.

Os monitores, especializados en psicoloxía, instrúen ós profesores, que despois trasladan ós alumnos a temática que a estes lles interesa, anque tamén traballan con pais de alumnos e os facultativos dos centros de saúde.

Para a experiencia quixeron fuxir da idea simple de impartir conferencias ou charlas. Os temas que se falan na aula parten do inte-

rés dos propios alumnos, e son eles mesmos os que buscan resposta ás súas dúbidas, apoiados no material docente do curso, intercambiando opinións, detectando falsas ideas e chegando a conclusións por equipos de traballo.

O desenvolvemento do taller están tamén vencellados profesionais sanitarios que desenvolven o seu traballo en Santa Cruz e Perillo.

Este taller forma parte da «Educación para a saúde», que o ano pasado se dedicou a talleres de prevención do consumo de drogas. O Goberno Municipal ten decidido continuar o próximo curso con esta interesante actividade formativa na que se implican con moito interese os pais de alumnos

e, por suposto, tamén os profesores.

O obradoiro pretende contribuir á «formación integral de cada persona», ademais de recoñecer a educación afectivo-sexual como un dereito individual e un apoio imprescindible nun período vital de cambios

biolóxicos, psicolóxicos e sociais. «Somos conscientes —din os seus responsables— de que é un tema que case ninguén aborda explicitamente». Tamén desexan contrapesar a influencia dos medios de comunicación, «que reforzan mitos, falsas crenzas, roles e estereotipos sexuais, contribuíndo á súa expansión en lugar de propiciar a análise e o debate».

O concello, que basea esta iniciativa sobre todo na importante experiencia canaria denominada «Harimaguada», do Consello Insular de Las Palmas, conta tamén coa colaboración de personal especializado do Centro de Saúde de Cambre e da Asociación Galega de Planificación Familiar e Educación Sexual.

■ *Análise e debate para contrapesar los mitos, estereotipos e falsas crenzas*



Un monumento para Tía Antonina



Antonina Moscoso Meirama morreu hai once anos, cando contaba 97, despois de pasar toda a vida facendo de parteira nos tempos máis difíciles, cando as comunicacións e o sistema sanitario non estaba tan desenvolvido como agora. Os veciños de Mera suxeriron erguerlle un monumento e o Concello anda a convocar un concurso de ideas para este fin.

A muller nacera en Xoez, o 15 de outubro de 1892, e morreu o día de San Xosé

do ano 89, cando lle faltaban 3 anos para a centuria. Viviu na Rúa Mazadoiro (antes camiño de Canabal). Sempre foi solteira, moi devota e non tivo fillos. Era unha muller de carácter forte.

Pero a actividade máis destacada da súa vida, e pola que ganou moita popularidade entre os veciños, foi a de parteira. Asistiu ós partos de centos de mulleres de toda a zona norte do concello, pois desprazábase ata Lorbé, Dexo e Cabreira, alí

onde había algunha muller que o necesitase. Para ela camiñaba grandes distancias, e mesmo utilizaba a bicicleta, o cabalo ou no que viñeran na súa procura, xa que as comunicacións coa Coruña eran só por mar ou camiñando.

Ademais de parteira, en tempos nos que a medicina non era un ben tan extendido como agora, ela ofrecía remedios para males e enfermidades, e incluso asistía a personas que se atopaban en trance de morte.

■ *Fixo de parteira de moitos veciños do norte e outras zonas*

A homenaxe a esta enorme muller irá no mirador de Santa Ana, un lugar apropiado xa que a titular do edificio está considerada a patrona das mulleres encintas.

Garantízase a continuidade durante todo o ano

Arenaza

¡Os maiores seguirán indo á piscina!

¿Quén dixo que se acabou a natación para os máis maiores? Anque existe un xustificadísimo disgusto entre tódolos que tedes máis de 60 anos e acudides normalmente á piscina da Fábrica, tranquilos. O programa de natación para maiores volverá poñerse en vigor, cunha duración ampliada e a un custe mínimo. Ninguén vai deixar esta beneficiosa actividade física por motivos económicos.

A actividade supón un alto des-

embolso para o Concello, pois inclúe o pago dos monitores, a entrada á piscina e a organización e os gastos de transporte, pois os beneficiarios viven en tódalas parroquias do municipio.

En vista da enorme demanda que xenerou esta actividade, no Concello estamos a buscar a maneira de que se poida seguir realizando durante todo o ano, anque os participantes teñan que pagar unha mínima cota para compensar algúns

gastos, coma o do transporte.

Ademais da promoción da saúde que leva implícita esta actividade, tamén resulta un interesante xeito de enche-lo ocio dos maiores de maneira que lles proporcione un motivo para estimular a vitalidade.

Despois do verán haberá noticias sobre a nova convocatoria de actividades acuáticas para as persoas maiores.

Prazas libres na Residencia de Día

Moitos dos nosos veciños máis maiores pasan boa parte do día no Pazo de Arenaza, un fermoso lugar onde se realizan moitísimas actividades de entretenemento e saúde. Hai prazas libres, están á túa disposición. Pasalo ben non ten idade.

Se queres máis información sobre a programación de verán: 981 610 000

Escalada

17-18 xuño / Canide e Fragas do Eume

Sendeirismo

23-25 xuño / Ancares leoneses

Fotografía

Fondos Submarinos de Hugo Geiger, sobre a destrución dos arrecifes de coral / xuño na Fábrica

Teatro

1 xullo / Taller de Teatro da Fábrica

Campamento

• Internacional do Mar / Parque Natural de Calblanque, en Cartagena / Ecosistemas mediterráneos, escola de vela, bautismo de buceo, rotas por Cartagena. / 10 días de duración.

• Natureza na illa de Ons / xullo ou agosto

Cicloturismo

Camiño de Santiago en bici / 8 ou 15 días de agosto

Excursión

Parque Nacional Picos de Europa / 5 días de Setembro

Performance

Agosto / Obradoiros / Conferencias / representacións nas rúas

Artes plásticas

Escolíña durante todo o verán nas Casas do Pobo e Centros Culturais / Rapaces de 6 a 14 anos / Períodos quincenais de 2 horas diarias / Os Regos: Díaz Pardo, do 3 ó 14 de xullo / Perillo: Casa da Cultura, do 3 ó 14 de xullo / Oleiros: Casa da República, do 17 ó 31 de xullo / Nós: Casa do Pobo, do 17 ó 31 de xullo / Iñás: Casa do Pobo, do 17 ó 34 de xullo / Santa Cruz: Centro Cívico, do 1 ó 14 de agosto / Mera: Casa do pobo, do 16 ó 29 de agosto / Dorneda: Casa do pobo, do 16 ó 29 de agosto

Títeres

Construcción de títeres con refugallos / De 8 a 14 anos / 28 agosto ó 8 setembro / Casa da Guardesa das Torres de Santa Cruz

Animación teatral

Xogo dramático, títeres e ruadas / 3 horas diarias / 1 semana /

Encadernación

e pintado de papel / De 8 a 15 anos / De 10 a 14 de agosto / CMF. Díaz Pardo de Os Regos

Papiroflexia

Construcción de figuras de papel e papaventos / ¿Cándo, dónde....?

Camiñar Oleiros

Roteiros circulares para coñecer-lo patrimonio e o medio de Oleiros. Rotas dun día / 22 xullo, 5 e 19 de agosto e 2 de setembro

Música

Escola de Música / Durante todo o verán

As seguintes convocatorias.

Podes apuntarte ás que queiras:

- Clases maxistras de clarinete
- Batería e percusión latina
- Achegamento á música
- Orquestra rítmica
- Cursiño de cordas (violín, violonchello e viola)
- pedagogía de cordas
- Introducción ás agrupacións modernas
- Combos
- Folclore galego

Bailar

Achégate á Fábrica e aprende a bailar / Mes de agosto / 3 días á semana / De 10 a 15 anos / Sala de danza

Costura


Rapaces e rapazas /

Cinema

Noites máxicas de cinema / Programas / 21 de Xullo «La momia» en Perillo • 31 de Xullo «007 El mundo nunca es suficiente» en Lorbé • 11 de Agosto «El sexto sentido» en Santa Cristina • 20 de Xullo «Toy Story II» en Os Regos • 28 de Xullo «A lingua das bolboretas» en Nós • 29 de Xullo «Erin Brockovich» na Lagoa de Mera • 5 de Agosto «Ana y el rey» en Santa Cruz • 10 de Agosto «Notting Hill» en Oleiros • 25 de Agosto «Novia a la fuga» en Dexo • 18 de Agosto «Inspector Gadget» en Iñás • 19 de Agosto «El hombre de la máscara de hierro» en • 25 de Agosto «Novia a la fuga» en Dorneda.

Tempo intenso e divertido

Ademais do sol, o calor e a praia, o verán trae consigo máis tempo libre e enerxías para facer cousas que non apetecen noutra época do ano. Disfrutar das festas, a parranda e as vacacións, ou vencellarnos a propostas de ocio como as que organizan os diversos departamentos culturais do Concello. Non esquezas consultar tamén as propostas deportivas, na páxina 19.



Para os máis novos

Campamentos

De 3 a 6 anos / O Corgo (Dexo) [10-11 xull; 7-8 ago] / O Xabron (Mera) [10-11xull. e 12-13set.] / O Castelo (Liáns) [29-30ago] De 7 a 10 anos / Os Golfiños (Dexo)[10-12ago e 11-13set] / Punta Bufadoira (Mera)[16-18ago] / A Illa (Liáns)[26-28xull]

Excursións

A Limia (Ourense), 4-8 set. / O Courel (Lugo), 17-21 xullo / As Torres de Mens (Malpica), 31 xullo ó 4 agosto / Os Aguilóns, A Capelada, Bares, Teixido, Ortigueira, 21 ó 25 de agosto

Hortas no verán

Continuación das hortas escolares das escolas infantís de Vilanova, O Vilar, Parga Pondal, Esquíu, Dexo e Río da Loba / Todo o mes de xullo.

Posibles cambios na promoción cultural do Concello

Unha enquisa para saber que queres

Existe a posibilidade de que algunhas das actividades que se están organizando para que participes na túa Casa do Pobo, Centro Cultural ou local social, non sexan o suficientemente interesantes para tí, e pode que tampouco para a maioría dos teus veciños.

En cambio, existen outras que poderían interesarche, e que no Concello nen sequera se prantexan.

Por eso vimos que a mellor forma de aclaralo era preguntándoches. Preguntándonos a nós mesmos, os veciños de Oleiros, que tipo de actividades son para nós máis interesantes.

Foi preparada unha macro-enquisa, e xa

andan por ahí varios encuestadores preguntando sobre os deportes, actos, cursos, espectáculos e actividades en xeral que te poderían interesar.

O Goberno Municipal (da Alternativa dos Veciños) non quere enquistarse nunha rutina pechada, senón seguir facendo das ofertas culturais de Oleiros unha oferta de gran dinamismo e interese para todos.

Temos o privilexio de contar con centros culturais adecuados para o disfrute de tódolos veciños, e moitísimas instalacións deportivas. Axúdanos a definir cal pode ser a mellor programación, a mellor oferta de actividades.

Ducias de convocatorias festeiras para un verán máis animado. Quen máis quen menos... fai como o Faxi, autor deste percorrido por algunhas festas do verán. Os que vivides nos diferentes lugares xa sabedes delas, porque hai tantas, que é difícil estar en todas.

O verán estoupa en festas

■ Nos e Montrove

San Pedro e San Paio

Parece que estes de San Pedro diron ben de xantar e beber entre o 29 de xuño e o 2 de xullo. Sardiñada con broa e viño ata estoupar e unha degustación de chourizos. Moitos foron os que pasaron por alí a enche-lo bandullo e compartí-la ledicia de bailar ó son das orquestras.

Tamén concorrido estivo o San Paio, de Montrove, a tradicional festa conmemorada entre o 24 e o 26 de xuño na zona verde que arrodea a capela. Bailes, partido feminino de solteiras contra casadas e misa en honra do santo do lugar.

■ Mera

Santa Ana

Entre o 25 e o 27 de xullo. Non as imos perder. O día da patria galega apetece ver os bailes que alí teñen preparados, sen esquece-la regata de bateis. Veremos se pola noite afastamos as meigas e trasgos co conxuro da queimada.

Unha vez quentado o corpo xa estaremos preparados para participar no paseo ciclista, e se nos quedan folgos, na carreira de natación ou no baloncesto 3 para 3, aínda que non nos vai vir mal despois de tanto viño e tanta troula.

■ Dexo

O San Antón

Foi a mediados de xuño, en Dexo, das primeiras festas do verán, non perdimos nin un baile nin unha das sesións vermú acompañadas das orquestras que este ano trouxo a Comisión. Por sorte non chegamos moi tarde o sábado para poder ir á misa o domingo. Despois sexta e churrasca-da, que sentou moi ben despois de bailes e os vermús.

■ Lorbé

O Carme

Se entre últimos de xullo e primeiros de agosto falamos dun «lamelibranquio anisomiarario con dúas valvas simétricas» seguramente non nos entre a fame, pero se dicimos «mexilón de Lorbé» seguramente os nosos estómagos empecen a poñerse anisosos. Dende primeiras horas da mañá os expertos mexilloeiros da zona preparan con tesón quilos e quilos de mexilóns para toda a xente que en procesión se achega a catar tan exquisito manxar, péchase a estrada e postos e restaurantes énchense de todo tipo de xente para comelos millores mexilóns do mundo, os de Lorbé. Ata altas horas da madrugada sírvense racións e racións, pero a festa non remata ahí pois hai tamén verbenas e troula.

■ Mera

O Carme Entre o 21 e o 23 de xullo. Teremos que practicar un pouco as dotes de cantante, pois este ano montan karaoke. Torneo de balompé no areal e a tradicional sardiñada que cada ano atrae a máis xente: toda a praia abarrotada coas sardiñas e o pan de broa. Non imos faltar ¿non? Ó que non podemos deixar de ir é á misa na Lagoa, unha das máis fermosas que hai, amenizada por dous tipos de cantos: os da Coral e os dos parrulos que alí viven.

■ Oleiros

Santa María

Do 11 ó 18 de agosto hai que ir amañando o corpo para disfrutar da semana de festas. Móntase un pequeno mundo hinchable para que os nenos xoguen todo o día. Os que imos algo maiores optaremos pola festa de exaltación do chourizo.

Flores de tódalas cores serán roubadas de cunetas e xardíns, pero unha vez ó ano está permitido. As alfombras florais de Santa María de Oleiros son das máis fermosas e loubadas. O ano pasado xa estivemos na baixada das carrilanas e este ano non vai ser menos. Paga a pena ver a eses tolos baixando a unha velocidade increíble. É algo realmente divertido. Como divertido vai ser o lanzamento do globo, sempre que as famosas condicións climatolóxicas o permitan.

■ O Carballo

O Santísimo

Entre o 5 e o 8 de Agosto o destino é O Carballo. Podemos ver qué tal papel facemos na carreira de orientación que alí preparan.

Sorte que sempre pensan en todo e a mesma tarde haberá unha churrasca para coller forzas de novo para mover os cadrís na verbena. Non podemos perder o partido de solteiros contra casados.

■ Inás

O Santísimo

Última fin de semana de agosto. Anque as festas do San Xurxo fóron en maio, para éstas teñen preparado un festival folclórico con catro grupos, seguido dunha sardiñada para que os bailaríns e espectadores collamos folgos.

E non podemos esquecer pasar pola carpa instalada no campo da festa. Por alí caerá algunha brebaxe para arranxalo corpo antes de bailar unha peza con algún mozo ou moza do lugar, que mira ti que se despois de tanta e tanta verbena non botamos nin un pequeno baile é que a cousa non vai moi ben.

Xa nos tardaba a chegada do verán. Segundo o diccionario festeiro é aquel que é amigo das festas ou o que vai a moitas festas, así que nós debemos serche uns festeiros porque gostar góstanos moito e, en canto a cantidade, non pensamos perder nen unha.

Vendo o calendario de festas deste ano no Concello imos ter para dar e tomar. Comezar comezaremos pero o que non sabemos é cando remataremos, este verán vaiche estar cheo de troula, divertimento, música e paixón.

■ Perillo

Sta. María da Cabeza

Primeira fin de semana de setembro. Despois de tanta festa e tanta troula durante o verán haberá que senta-la cabeza e qué mellor maneira de ir a tradicional Romería de Perillo. Misas dende as 8 da mañán ás que acuden xentes de tódolos puntos de Galicia, a procesión sempre chea de xentes de moitas comarcas e tamén de perilláns. Dende as 9 da mañán as rúas comezan a encherse de xente que ven honra-la virxe.

■ Santa Cruz

O Santísimo

Do 19 ó 21 de agosto. A música vai ser uns dos pratos fortes. Pasarémonos polo campo da festa a deleitarnos co concerto de Corais que organizou a comisión, haberá tamén un festival folclórico no que participará como invitado un grupo da Bretaña, xunto cos grupos da terra. Sardiñada e verbenas completarán o extenso programa.

E haberá que que quedar en Santa Cruz uns días máis pois en canto rematen as festas dará comezo a Semana Cultural, na que haberá carreiras, concursos na area, asaltos a nado ó castelo, festas do doce, paseos ciclistas, xogos na auga, sesións de pintura e un cento de cousas máis.



Moita xente nova utiliza un servizo municipal que non é moi coñecido, aunque sí moi ben valorado polos seus usuarios. Trátase de varios espazos que os mozos utilizan para face-las súas festas, e que o Concello cede de xeito gratuíto. Trátase dunha experiencia única.



A finca de Bastiagueiro

■ *Tres espazos para que os mozos monten eles mesmos as súas festas ou convivencias*

■ *Son eles os que teñen que crear maneiras propias de disfrutar da vida*

Ocio xoven e alternativo

Que os mozos organicen os seus propios espazos de ocio é unha aspiración moi madura, e que demostra a confianza que todos debemos ter nos nosos fillos.

É certo que os mozos teñen idades difíciles, pero tamén o é

que a inmensa maioría non presentan ningún problema e constitúen unha xuventude sana, valente e capaz de crear os seus propios espazos de lecer.

Un concello como o noso non podía estar alleo ó devezo dos mozos polas súas propias manei-

ras de disfrutar da vida, e puxo á súa disposición uns locais que poden ser utilizados para festas, guateques ou convivencias durante toda a fin de semana.

Son, de momento, tres locais situados en Bastiagueiro, o centro cultural As Torres e a urbanización dos Regos (inserido no Centro de Formación Isaac Díaz Pardo).

Calquera dos tres pode ser solicitado para a celebración de festas ou guateques.

Especialmente atractivo resulta o de Bastiagueiro, que dá á praia, aunque en pleno verán está ocupado polo chiringuito e protección civil, para os servizos de seguridade dos usuarios do areal. Pero o

resto do ano cédese a pandillas de mozos durante 2 ou 3 días, para actividades que eles mesmos organizan, sen tutela de ninguén.

Non hai que abonar nengunha cota, pero os que disfrutan do lugar comprométese a deixalo todo como o atoparon, como cumpren normalmente. A solicitude está restrixida a rapaces censados en Oleiros. Neste momento estase a estudar a habilitación doutro local destas características na praia de Santa Cristina.

Só algunha norma: non se permite consumir drogas nen molestar ós veciños con ruídos ou música alta. Podo demáis, autoxestión, que xa vai sendo hora.

Novo instituto e ampliación do Parga Pondal

Dous novos espazos para o ensino público

Un espléndido instituto de ensino medio e a ampliación do colexio Parga Pondal de Santa Cruz fóron inaugurados o pasado mes de maio polo presidente da Xunta de Galicia.

Manuel Fraga, acompañados das autoridades municipais, visitou os centros e dedicou o acto ós nenos e xoves que van ocupar estes espazos para a aprendizaxe.

O Concello loitou arreo pola construción destas instalacións nos últimos anos, no seu decidido apoio á educación pública e de calidade, unha aposta complementaria ó urbanismo que se está practicando en Oleiros, xa que nada hai positivo sen unha boa educación.


Para o novo instituto, moi interesante do punto de vista arquitectónico, o Concello aportou a finca, valorada en 90 millóns, e urbanizou o lugar.



■ *O novo instituto de ensino medio de Oleiros é para alumnos das parroquias do interior*

■ *O Concello loitou arreo pola nova construción, e cedeu unha finca valorada en 90 millóns*

Danza clásica para nenos e nenas



Tra-lo éxito colleitado pola Escola de Música xa se perfila unha nova iniciativa: a escola de danza clásica e contemporánea que terá a súa sede tamén no centro cultural A Fábrica.

Están a traxéndose os programas e o perfil dos alumnos, pensando en rapaces e rapazas noviños. Hai especial interese en que acudan nenos de ámbolos sexos, xa que moitas das escolas que funcionan presentan unha preocupante escasez de nenos, se ben nenas hai bastantes.

A danza clásica e a súa variante, a contemporánea, son un estimulante exercicio físico e mental moi apropiado para as idades cedas dos rapaces, xa que canto antes comece a súa formación, máis éxito cabe agardar.

Para máis información, chama ós servizos municipais de educación (981 610 000).

■ *A Escola de Música leva camiño de converterse nun conservatorio oficial*

Por outra parte, a Escola de Música, que funciona desde abril, concluíu con éxito esta primeira xeira, que remata cunha oferta de verán e está a realizar os trámites necesarios para ser recoñecida un conservatorio oficial.

Manuel Murguía, ano 2000

■ *O Concello agasallou ós escolares cunha monografía sobre o esgrevio intelectual do XIX*

A celebración do día das Letras, o pasado 17 de maio, foi aproveitada para repartir libros encol da sobranceira figura á que se dedicaba esta efeméride.

Manuel Murguía, foi, ademais do que todo o mundo lembra —o marido de Rosalía Castro— un indómito intelectual do século XIX, crítico coa historia oficial e preocupado por enche-lo silencioso valeiro que os galegos da súa época

tiñan sobre os acontecementos do noso pasado.

O seu pensamento, e sobre todo a súa acción ante a realidade, están aínda vixentes, como demostra a cada paso este país que busca incrementa-lo nivel de coñecemento do propio e tamén do universal.

O Concello repartiu a cada alumno de ensino básico e medio un exemplar de dous libros divulgativos sobre a personalidade das Letras 2000.



De novo o «Conto Viaxeiro»

Nun momento dado do mes de marzo ou abril, nas escolas de educación infantil do Concello alguén comeza a contar e debuxar un conto. Da primeira historietta, contada polos alumnos dunha clase, pásase á segunda... e á terceira, que seguen o conto ata que se chega ó final.

Os contos das sete escolas editanse, cada un impreso nunha cor diferente, e recóllense nunha engaiolante carpetiña.

É unha iniciativa do Sistema de Bibliotecas para que prenda nos nenos a semente da lectura e o amor polos libros.

Bibliotecas e literatura

Premios do Concurso literario

Son once os premiados nas 5 categorías, e os relatos serán recollidos nun volume editado polo Sistema de Bibliotecas, organizadora do evento. Os premiados máis novos son de 3º e 4º curso de ensinanza primaria, e corresponden a Andrea Martínez, de 8 anos, de Mera, co conto «Un neno moi delgado», e a Aitor Beaz, da mesma idade e tamén de Mera, con «A calaveira monstruosa». Un accesit desta categoría correspondeu a Laura Casal, de Mera tamén, co conto «Maxia de primavera».

Tamén de Mera son os gañadores do segundo grupo, que corresponde a nenos que cursan 5º e 6º de primaria. «O nacemento universal» é o título do conto de Brais Lema, de 11 anos. Amanda Roux foi segunda con «Maila & Tomás». Os premios de 1º e 2º de ESO fóronse para o colexio A Rabadeira, de Oleiros, polos



relatos «Baixo o sol», de Iván Rodríguez, e «A morte da morte», de Pablo Souto.

Os mellores do cuarto grupo foron Daniela Árias-Andreu, do novo instituto de Oleiros, por «A historia do ladrón de Alouvin», e para Olaia Ocerín con «Pensylvania», do mesmo centro.

Por último, os mais maiores foron para un único autor, que acaprou os dous premios: Adrián Martín, de 17 anos, cos contos «A sombra dunha manada de moscas, un relato curto de azul iris», e «Manual do xogador de bolas, un relato do enigmático doutor Diédrico».

Moitas propostas para pasa-lo verán exercitando o corpo en contacto coa natureza. En equipos, sós, en cursos, en competicións... unha chea de convocatorias entre as que atoparás algo que che apeteza.

Se queres máis información sobre a programación deportiva: 981 610 000

Deportes con calor



O triatlón é unha das competicións máis sobranceiras do verán

Cheos de competicións

■ Remo en traíñas e bateis

Gran expectación ante a X Bandeira destas competicións. Pola mañá do 25 de xullo, os traíneiros remarán na Praia Sta. Cristina, un deporte no que Perillo ten que seguir destacando no panorama galego. Pola tarde dese mesmo día (17h) haberá regata de bateis en Mera, durante as festas da localidade. Unha boa maneira de disfrutalas.

■ Patinaxe de velocidade

VI Trofeo / 29 Xullo, pola tarde, no Parque Luis Seoane de Santa Cruz; competicións en múltiples categorías.

■ Triatlón

X Edición / Porto Sta. Cruz / 9 de setembro, pola tarde, esta tradicional competición de ciclismo, natación e carreira a pé.

■ Chave

X Trofeo / 15 de setembro / Participan tódolos clubes do Concello, que son 7.

■ Fútbol

XXXI Trofeo «Concello de Oleiros», no que toman parte os 8 clubes do municipio / Comeza o 22 de xullo e rematará durante o mes de agosto.

■ Bandeira «Conde de Fenosa»

A fin de semana do 26 e 27 de agosto celébrase en Santa Cristina este trofeo de remo, o máis antigo de Galicia. As traíñas de Castropol, Perillo, Cabo de Cruz, Esteirana, Mecos e Amegrove, do Grove, Meira e Chapela, e os bateis de Perillo, Mera, Esteiro, Sada, Mugaridos, Ferrol, Ares e A Cabana. O espectáculo deportivo será retransmitido por Televisión de Galicia en directo. Que gane Perillo.

Cursos de mar e auga

■ Remo

17 xullo ó 31 agosto / Perillo de 17 a 19h na Fábrica / Mera de 19 a 21 h no náutico

■ Vela e Windsurf

Praia Sta. Cristina / 3 xullo a 29 agosto / Maiores de 10 anos / cursos de 2 semanas

■ **Piragüismo** Porto Sta. Cruz / Xullo e agosto, de luns a venres, de 10 a 12 e de 13 a 14h. / Cursos de 2 semanas / Maiores de 8 anos

■ **Natación** Cursos de iniciación e perfeccionamento / De 4 a 10 anos / Piscina da Fábrica / transporte incluído / Nos, Iñás, O Carballo, Oleiros e Montrove: luns, mércores e venres do mes de xullo, de 10 a 11 h e de 13 a 14 h / Lorbé, Dexo, Mera, Dorneda e Santa Cruz: luns, mércores e venres de agosto, de 10 a 11 h e de 13 a 14 h / Perillo: martes, xoves e sábados de xullo, de 13 a 14 h

■ **Mergullo en apnea** Piscina exterior e praias / Xullo e agosto

■ **Bautismo de mar** Saídas para navegar a vela por primeira vez e descubrir se nos pode gustar / De 6 a 14 anos / Fins de semana de xullo, de 10 a 12 e de 12 a 14 h

■ **Buceo** 2ª quincena de agosto / luns a sábado pola mañá / maiores de 10 anos / Piscinas municipais e prácticas no mar

■ **Tenis** E.T. Canabal, en Mera / Xullo / Maiores de 10 anos

■ Campus de Baloncesto

Do 1 ó 11 de agosto / luns a sábado, de 10 a 13 h. / De 8 a 18 anos / Perillo, no Pabillón Valle Inclán

■ **Hockey sala** Pabillóns de Perillo e Canide / Xullo

■ **Hockey herba** Xullo / luns, mércores e venres / de 6 a 14 anos / Campo de herba artificial do INEF, en Bastiagueiro

■ **Patinaxe** Xullo / De 6 a 16 anos / Nós: Polideportiva O Seixal, os martes, xoves e sábados, de 12 a 13 h. / Lorbé - Casa do Pobo, os luns, mércores e venres, de 12 a 13 h. / Os Regos: Na polideportiva, os luns, mércores e venres de 11:30 a 12:30 h. / Sta Cruz: Pabillón Arsenio Iglesias, os martes, xoves e sábados de 11:30 a 12:30 h.

■ **Escalada** 2ª quincena de agosto / luns, mércores e venres pola mañá / maiores de 10 anos / En Mera, no rocódromo de Canide

■ Ximnasia rítmica

Xullo / martes, xoves e sábados de 12:30 a 13:30 h / De 6 a 16 anos / Rapaces e rapazas / Sta. Cruz, no Pabillón Arsenio Iglesias

■ **Voley praia** Xullo / luns, mércores e venres de 10 a 12 h. / De 8 a 18 anos / Praia de Bastiagueiro

■ **Futbito** Polideportivas exteriores / Xullo / Entre 6 e 18 anos / Para rapaces e rapazas / Oleiros: Pabillón A Rabadeira, os martes, xoves e sábados, de 12:45 a 13:45 h. / Sta. Cruz: Pabillón Arsenio Iglesias, os luns, mércores e venres, de 11 a 12 h. / Mera: Polideportiva Xoez, os martes, xoves e sábados, de 11:30 a 12:30 h. / Dorneda: Polideportiva Rialta, os luns, mércores e venres, de 13 a 14 h. / Nós: Polideportiva O Seixal, os Luns, mércores e venres, de 12:15 a 13:15 h. / Perillo: Polideportiva Cova dos Bois, os luns, mércores e venres, de 12:30 a 1:30 h. / Lorbé: Polidep. Casa do Pobo, os martes, xoves e sábados, de 12:30 a 1:30 h. / Os Regos: Polideportiva, os martes, xoves e sábados, de 11:30 a 12:30 h. / Iñás: Polidep. Casa do Pobo, os martes, xoves e sábados, de 11:30 a 12:30 h.



Redacción, maqueta e produción: occ@occ.es

■ *A finca incrementará o espazo público do núcleo urbano de Oleiros*

■ *A casa mostra as boas mañás constructivas de antano*

+ concello, + parque


Hai pouco tempo Oleiros formalizou a adquisición dunha casa para amplia-lo Concello. Trátase dunha finca situada mesmo enfrente do actual edificio.

Ademáis das dependencias administrativas que se pretenden ampliar, permitirá dispoñer dun amplo e frondoso parque, que pasará a incrementalo engado urbano formado pola Praza da Rabadeira, os xardíns do Concello e o Parque Rigoberta Menchú, situado entre Casa Charry e urbanización Obelisco.

Logramos así un completo conxunto administrativo ó servizo dos veciños que reforza a capitalidade municipal e dota ó núcleo urbano de Santa María de Oleiros de amplas zonas verdes para o esparcemento dos cada vez máis numerosos habitantes do núcleo.

A fachada principal do edificio dá á Av. Francisca Herrera (a principal vía que atravesa Oleiros), e a parte traseira á praza de Galicia, á que se accede a través dun coidado portalón de madeira que racha o sólido muro que convirte o xardín nun pequeno bosque íntimo e frondoso. Casa e finca costaron ó patrimonio público 90 millóns de pesetas.

A edificación é todo un exemplo da arquitectura popular, na que se demostran as boas mañás constructivas que tiñan os gremios de antano. Está forma-



da por un edificio inicial típico, de tres eixos, ó que se lle fixeron ampliacións; unha delas foi a que orixinou a amplísima galería da parte posterior, que cae mesmo enriba do xardín. A calidade de materiais, como as madeiras da carpintería ou da galería, mostran tamén os exquisitos costumes dunha época pasada.

A data de construción sitúase en torno ó principio do século, cando os pobos

se íban compoñendo acarón das principais vías de comunicación. O que hoxe é Francisca Herrera era o Camiño Real de Miraflores, donde se foi configurando o actual núcleo de Santa María. Esta casa foi unha vivenda rural, pero víase que os seus habitantes non se dedicaban á agricultura, xa que dedicaron o espazo da finca a un coidado xardín de nobre vexetación, hoxe veterana e frondosa.



Lembra que o lixo debes de sacalo ó contenedor despois das 9 da noite e antes das 12 (Excepto sábados e vésperas de festivos)

Oleiros